



## Calendario elaboración guías docentes curso 2016/17

(PDI, Directores de centro, Directores de departamento e Coordinadores de títulos)

Calendario que se seguirá na elaboración das guías docentes das materias para o curso 2016/2017, en títulos de grao, mestrados e títulos non adaptados ao EEES:

Calendario elaboración guías docentes materias curso 2016/17		
Tarefa	Responsable	Datas
1. Carga POD en GADU	Administrador informático	Do 27 ao 31 de maio
2. Asignar competencias de titulación ás materias (1)	Coordinador de titulación	Do 1 ao 9 de xuño
3. Elaborar guías (2) ( <i> cubrir novos apartados</i> )	Profesorado de materia	Do 10 ao 29 de xuño
4. Publicar guías	Coordinador de titulación	30 de xuño
5. Revisar guías	Departamento Coordinador de titulación	Do 30 de xuño ao 11 de xullo
6. Aprobar guías	Departamento	Do 11 ao 15 de xullo
7. Ratificar guías	Centro	Do 18 ao 22 de xullo
8. Pechar titulación	Coordinador de titulación	Do 26 ao 29 de xullo

### (1) Observacións para o coordinador da titulación:

#### 1.1. Sobre a asignación das competencias do título ás materias:

- Asigna en GADU as competencias do título ás materias segundo recolle a Memoria do Título (*ver Portal de Estudos da UDC (<http://estudos.udc.es>; dende onde se irá a: título/resultados/asegurando a calidade/Memoria do título*). Si xa as asignou no curso 15/16 non é preciso facelo de novo, salvo que haxa algún erro ou sexa preciso facer modificacións polos cambios realizados na memoria do título.
- Dispón do tutorial de axuda "[Novas funcionalidades en GADU para o perfil Responsable de Titulación](#)" en [www.udc.gal/cufie/GD/materiales.html](http://www.udc.gal/cufie/GD/materiales.html), no que se indica o proceso para asignar as competencias a cada materia.

### (2) Observacións para o profesorado da materia:

#### 2.1. Sobre a contribución das metodoloxías e da avaliación ao desenvolvemento das competencias do título:

- No "Paso1: Competencias do título" revisa que as materias teñen asignadas as competencias do título segundo recolle a Memoria do Título (*ver Portal de Estudos da UDC (<http://estudos.udc.es>; dende onde se irá a: título/resultados/asegurando a calidade/Memoria do título*). Se faltan competencias por asignar ou ten asignadas outras que non corresponden á materia debe comunicalo ao Coordinador do Título.
- No "Paso 2: Resultados de aprendizaxe" revisa a asignación dos resultados de aprendizaxe ás competencias do título. No "Paso 4: Planificación" e no "Paso 7: Avaliación" indica na columna "competencias" a contribución das Metodoloxías e dos Sistemas de Avaliación ás competencias do título.



- Dispón dos recursos de apoio en [www.udc.gal/cufie/GD/materiales.html](http://www.udc.gal/cufie/GD/materiales.html):
  - o "Novas funcionalidades en GADU para o perfil Profesor", no que se indica como reflectir a contribución das metodoloxías e dos sistemas de avaliación ao desenvolvemento das competencias do título asignadas á materia.
  - o "Guía para a elaboración das guías docentes de materia na UDC", a través da que se indican, paso a paso, as orientacións metodolóxicas para o deseño das guías docentes de materia.

## 2.2. Sobre a avaliación e o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial:

Segundo establece a *"Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC"* (Art.3.b e 4.5) e as *"Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (Art. 3 e 8b)*, o profesorado recollerá nas guías docentes de maneira específica as medidas de dedicación para o "Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia".

En consonancia con estas normas, poderase recoller nas guías docentes seguindo as seguintes recomendacións:

1. "Paso 6: Atención personalizada": describir as medidas de atención personalizada específicas indicando as metodoloxías (dinámicas de traballo) que se desenvolverán con este alumnado para o estudo da materia.
2. "Paso 7: Avaliación", apartado "Observacións":
  - a. Describir para a primeira oportunidade os criterios e actividades de avaliación para este alumnado, o peso que terán na avaliación, e a porcentaxe que dispensa da asistencia.
  - b. Describir para a segunda oportunidade os criterios e actividades de avaliación para este alumnado e o peso que terán na avaliación.  
(Ver "Guía para a elaboración de guías docente de materia" pax.35)

**Nota importante:** Para acceder á versión das guías anterior ao curso 15/16 habilitouse unha ligazón na páxina de entrada a GADU (<https://guiadocente.udc.es>). Na vista pública das guías pódense visualizar e descargar en (pdf) as guías de tódolos cursos.

A Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente coordina este proceso a través da Área de Guías Docentes do CUFIE, da que recibirán puntualmente a información e apoio necesario dende a súa web <http://www.udc.es/cufie/GD>, na ext. 5612 e a través do correo electrónico [gadu@udc.es](mailto:gadu@udc.es)

A Coruña, 26 de maio de 2016

Nancy Vázquez Veiga  
Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente